

A C T A 11/2018

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 28 DE NOVIEMBRE DE 2018 –

Na Casa do Concello, a vinte e oito de novembro de dous mil dezaioito, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.^a Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D.^a María del Pilar Pérez Fagil

D. José Francisco Nanín Castro

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.^a Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.^a María Vázquez Rey

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

Non asisten, previa escusa:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.^a María Dolores Nariño Facal

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DAS SESIÓN DO 31.10.18

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 857/18 Á 985/18)

3.- COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS BÁSICOS EN RELACIÓN COAS LOMBAS EN DIFERENTES VÍAS DO CONCELLO

4.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MIXTO RELATIVA AO SECTOR ELÉCTRICO

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE A REIVINDICACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO E A NECESIDADE DE MEIRANDES RECURSOS NO ÁMBITO LOCAL E XUDICIAL PARA LOITAR CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

6.- MOCIÓNS

7.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia dos concelleiros/a do PP, D. José M. Guerra Calvelo, D. Ignacio Manuel Arroyo Font e D.^a María Dolores Nariño Facal, que non poden asistir por motivos diversos.

Lembra o sr. alcalde que no día da data envióuselle aos concelleiros/as un correo con información sobre os asuntos a tratar no Pleno extraordinario que se vai a celebrar o mércores 12 de decembro, ás 20:00, aproveitándose ese mesmo día para celebrar as Comisións Informativas do Pleno ordinario que se vai a celebrar o martes 18 de decembro, engadindo que as Comisións Informativas do Pleno extraordinario celebraranse o mércores 5 de decembro, en horario de mañá, por motivo da ponte.

Pásase a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DAS SESIÓN DO 31.10.18.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 31 de outubro de 2018.

Intervén o concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, quen di que na páxina 18, no parágrafo 4, se recolle unha porcentaxe do 72%, cando realmente é o 32 %.

Non habendo máis observacións ao respecto e sometida a votación apróbase, por unanimidade dos presentes, a acta do 31 de outubro do 2018, coa corrección advertida, quedando o parágrafo 4 da páxina 18 redactado conforme se detalla a continuación:

“Toma a palabra o sr. Fernández Baz que explica que dos casos iniciados en Teo, a día de hoxe, case o 32% do total das parcelas que entraban neses 16 procesos están sen concentrar. Indica que o BNG presentou no Parlamento de Galicia unha proposición non de lei respecto deste asunto e que contan que se debata na comisión sétima do mes de novembro. Di que están ante unha demanda veciñal, non unha demanda saída do BNG”.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 857/18 Á 985/18).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 26 de outubro ata o 22 de novembro de 2018, que comprenden os números 857 ao 985, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS BÁSICOS EN RELACIÓN COAS LOMBAS EN DIFERENTES VÍAS DO CONCELLO.

Co permiso da presidencia, sendo as vinte horas e tres minutos, comeza a súa intervención o concelleiro de servizos básicos, D. Xurxo Francos Liñares, nos termos que se detallan a continuación:

*“Comparezo diante do pleno municipal para dar conta sobre da colocación das bandas redutoras de velocidade. Estas teñen como único fin, e como o seu propio nome indica, reducir a velocidade naqueles treitos onde son demandadas polos nosos veciños debido ao exceso continuo da velocidade dos vehículos, que nos últimos anos se ve incrementada notablemente polo bo firme das estradas e que están a crear unha inseguridade constante no entorno das súas vivendas. Ben é sabido que se trata de sistemas eficaces e económicos para reducir a velocidade de forma permanente e cun baixo custe de mantemento. Por isto son cada vez máis as Administracións que recorren a este tipo de sistemas para baixar a velocidade en treitos de estradas da súa titularidade e mesmo noutros países se están a colocar ou levan anos instalándoos. Trátase de elementos de seguridade de escasa complexidade técnica polo que non precisa nin do visto bo dun técnico nin da elaboración previa dun proxecto. Quero salientar que neste momento non existe ningunha lei, normativa ou similar que sexa de obrigatorio cumprimento para instalación destes elementos en **estradas de titularidade municipal**, repito non hai nada que regule este tipo de redutores en estradas de titularidade municipal.*

Vou a dividir o resto da miña intervención en 3 puntos básicos sobre a ubicación, dimensións e sinalización dos redutores:

1º- A ubicación:

Hai anos colocáronse en moitos lugares do concello redutores prefabricados de goma que cumprían a súa función pero acabaron por arrancalos ou se soltaron parte deles. O ano pasado colocáronse máis dunha ducia destes redutores de aglomerado en distintos lugares do concello como por diante do IES de Cacheiras, Recesende, Oza ou Calo que viñeron a substituír parte destes redutores de goma ou a atender novas solicitudes. Isto xerou unha gran demanda por máis lugares do concello, polo que ao longo de todo o ano fóronse recollendo estas demandas e comprobando que en cada

unha delas se deran os seguintes criterios: tráfico elevado e altas velocidades de forma constante e a distintas horas do día en núcleos habitados e con limitación de velocidade de cincuenta ou menos. Houbo outras demandas que non foron atendidas por tratarse de casos illados en horas concretas e en lugares pouco transitados.

Despois de comprobar que se cumprían estes requisitos buscouse o lugar máis axeitado para colocar o redutor atendendo aos seguintes criterios:

- zonas frecuentadas polos veciños como por exemplo as paradas do bus,*
- antes de curvas perigosas onde se dan saídas de vía ou invasión do carril contrario con frecuencia e como consecuencia na maior parte das veces polo exceso de velocidade,*
- a carón dos pasos peonís onde non teñan unha beirarrúa como tal senón unha senda no mesmo nivel que a estrada, polo que sería máis custoso ter que facer o paso todo elevado e ademais elevar a senda para conseguir mesma finalidade que co redutor,*
- ou cerca de cruces perigosos onde hai escasa visibilidade para incorporarse á estrada principal.*

2º- As dimensións:

*Como dixen antes non hai ningunha normativa que sexa de obrigado cumprimento polo concello neste tema. Pero aínda así a hora de darlle unhas dimensións a estes redutores, tanto os que se executaron o ano pasado pola mesma empresa e usando o mesmo molde, como os deste ano, tomouse como referencia a normativa de fomento que regula a instalación deste tipo de elementos en **estradas de titularidade estatal**. Esta normativa di que deben medir catro metros de ancho divididos en rampla de dous metros para un lado e rampla de dous para o outro. Na parte máis elevada deberá medir seis centímetros máis menos un. Sacando un dos de Casal de Reis por un dos lados e que foi corrixido estos días, o resto dos lomos cumpren con estas medidas. Tal é así que para a súa execución usase, como dixen antes, un molde para o estendido do aglomerado de forma transversal a estrada, a altura na parte central deste molde é*

de nove centímetros, posteriormente pásaselle o pisón para compactalos que dependendo da temperatura, tanto do aglomerado como do ambiente, pode compactar entre dous e catro centímetros entrando entre os cinco e os sete que marca a normativa de fomento aínda que esta non sexa vinculante.

3º- A sinalización:

Temos que diferenciar por un lado a sinalización durante a execución dos redutores e por outro a sinalización definitiva destes. Ningunha das dúas foi boa, fíxose tarde mal e arrastro e así se lle fixo saber á empresa á que se lle encargaron estes traballos. Era a súa responsabilidade ter colocado as sinais verticais definitivas de aviso de redutor antes ou durante a súa execución e non sinalizar só cun cono a cada lado como deixaron o primeiro día e, ademais, ilos pintando detrás. Ao día seguinte cando se foi consciente de que se estaban executando, xa que non avisaran do seu comezo, pedíuselle que rectificaran isto e ese mesmo día comezaron a deixar unha sinal de obra a cada lado, ademais dos conos e tamén xa comezaron as tarefas de pintado. Lamentablemente as sinais verticais tardaron uns días máis por un suposto retraso na entrega deste material. Pedín desculpas nas redes por isto e fágoo aquí tamén aínda que de pouco valga xa que era responsabilidade da empresa telo feito, cousa que parece que melloraron, vanse colocar tres redutores máis, que están pendentes de que mellore o tempo e suban un pouco as temperaturas, en Solláns, na escola de Raxó e no Pazo e que teñen a sinal vertical instalada dende hai uns días, polo menos algo xa se mellorou.

Remato esta primeira quenda entendendo que hai unha parte da poboación que rexeita estes redutores pero tamén hai outra parte importante que os demanda. Tal é así que nos dous meses que pasaron dende que se executaron estes, hai máis dunha ducia de peticións. Quero destacar unha que entrou por rexistro a comezo de mes da comunidade de veciños da rúa Ledín dando as grazas polos dous que se instalaron pero dicindo que eran insuficientes e que solicitaban máis, axuntando un plano coa ubicación destes. Cando me poño a contalos solicitan dez máis para rúa Ledín e outros tres no comezo da rúa Camiño da Lamela, en total quince cos que xa hai e que

lógicamente se valoraran sempre de cara ao ano que ven ao igual que o resto de solicitudes”.

Sendo as vinte horas e dez minutos remata a súa intervención o concelleiro de servizos básico, D. Xurxo Francos Liñares.

Tendo en conta que a intervención do sr. Francos ten lugar a iniciativa do PP, aberta a primeira quenda de intervencións, é este grupo o primeiro en intervir.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen agradece ao sr alcalde que dese resposta ás preguntas formuladas o 28 de outubro e ao sr. Francos as explicacións que acaba de ofrecer. Explica que no mes de outubro recibiron máis dun centenar de chamadas procedentes fundamentalmente de Reis, Raris, Feros, e Luou, e todas na mesma liña. Considera que é certo que sempre vai a existir xente a favor e en contra dos badenes, porén a cuestión xerou unha forte repercusión social non xa porque se puxeran senón por como se fixo e porque nalgúns casos resultaban excesivos.

Explica o sr. Sánchez que xusto nese momento saíu o da denuncia da policía local do 17 de outubro, momento no que se botou en falta unha resposta oficial. Opina o sr. Sánchez que isto xerou certa inquedaanza xa que era como darlle a razón a quen considera que foron postas incorrectamente, e por iso por parte do PP se solicitou a comparecencia do sr. Francos. Lamenta o sr. Sánchez que non fora o equipo de goberno o que saíra a dar explicacións. Plantexa o sr. Sánchez diversas preguntas, aclarando que cando preguntaron quen foi o responsable en escoller o lugar se lles repostou que o sr. Francos. Pregunta o sr. Sánchez se se utilizou algún criterio técnico para a colocación. Explica que, tratándose das cuestións que ia a plantexar en relación á sinalización, xa foron atendidas. Pregunta por qué non se considerou necesario un proxecto externo, engadindo que entende que para colocar unha non sexa necesario, como aconteceu en Espasande, porén neste caso unha obra de colocación de 38 badenes non é unha cousa menor, polo tanto si consideran dende o seu partido que poderá ser preceptivo o proxecto. Pregunta o sr. Sánchez porque non se fixo e

pregunta así mesmo cantos días pasaron sen sinalización, unha vez construídas, facendo fincapé no tema da seguridade.

Sinala o sr. Sánchez que soubo por medio da prensa que o asunto se levou á fiscalía, engadindo que lles gustaría saber se xa existe algunha notificación. Interésase así mesmo polo custo da obra, indicando que en prensa se recolleu un importe de 34.000 €, porén cando fixeron as preguntas aínda non se tiña o importe. Pregunta o sr. Sánchez se existen denuncias e cantas, engadindo que polo menos lle consta unha.

Intervén o concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, quen comeza dicindo que vaia por diante o apoio do BNG ás medidas disuasorias á velocidade, como veñen demandando dende fai anos. Sinala que, porén, na outra *tandada* que se fixo, en Augas Mansas, comentouse o problema da sinalización así como o do cumprimento das medidas, e agora parece que volveu a acontecer. Salienta o sr. Fernández que o importante é a sinalización e a comprobación de que se cumpren as medidas, xa que en caso contrario pode acontecer un accidente grave. Explica o sr. Fernández que xa sabe que a sinalización é culpa da empresa, porén é unha obra contratada polo concello e debe estar controlado.

Salienta o sr. Fernández que fai uns meses se lles pasou unha relación onde se fixaba o lugar onde se ían a poñer un número importante de pasos sobreelevados, e ninguén dixo nada, porque lles pareceu ben que se adoptara algún tipo de medida, engadindo que foi el dos que pediu que se colocaran máis.

Reitera o sr. Fernández o importante da sinalización, engadindo que cando se fai unha obra a estrada debe quedar máis ou menos como se atopaba, porque hai que intentar que as estradas queden igual, porque iso tamén xera problemas de seguridade viaria. Di o sr. Fernández que comparece o concelleiro de servizos básico aínda que entende que a decisión é do goberno municipal, aínda que sexa o sr. Francos o que a execute.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen salienta que a preocupación pola seguridade viaria é unha preocupación compartida por todo o goberno e nese ámbito existe unha coordinación entre os servizos básicos e urbanismo.

Explica que o concelleiro recoñeceu os problemas de execución e os problemas de sinalización, por culpa da empresa, engadindo que existe certa deixadez das empresas o que obriga aos concelleiros e aos técnicos a facer moita presión para cumprir a normativa.

Sinala a sra. Lemus que os proxectos en caso de obras menores non son precisos, e así se unha edificación require proxecto unha obra pequena non, como é o caso do aglomerado, engadindo que en urbanismo se fan porque van ligados a unha subvención.

Sinala a sra. Lemus que, tratándose das lombas, non existía proxecto porque non era preciso, sen que o volume do número de lombas teña que ver coa necesidade, ou non, de proxecto. Explica a sra. Lemus que non recibiu ningunha queixa en relación ás lombas, senón o contrario, e dende que se colocaron se recibiron chamadas de xente solicitándoas. Sinala que isto os leva a pensar que existe un problema de seguridade viaria. Explica a sra. Lemus que os sobreelevados, que son para outra finalidade, se utilizan como medidas de limitación de velocidade, engadindo que o exemplo está en Pontevea, onde se conseguiu o obxectivo de cero mortos, e seguen existindo moitas queixas. Considera que o prioritario é asegurar unhas certas medidas de control da velocidade.

O sr. alcalde di que asumen colectivamente a responsabilidade que neste caso recae sobre o sr. Francos, que non é máis que o brazo executor dunha decisión colectiva. Sinala que cando existe unha crítica política, é lóxico facer e responder politicamente, porén cando se pon unha denuncia penal a reacción é xudicial. Explica o sr. alcalde que a Deputación da Coruña non pon lombas en estradas provinciais porén a de Pontevedra as enche de lombas.

Reitera o sr. alcalde no que dixo o sr. Francos sobre a inexistencia de normativa. Explica que a alcaldía recibiu unha notificación do Xulgado de instrución nº 2, recibindo a documentación de denuncia e un folio por diante que dicía que se remitía a mero título informativo, polo que se entende que o Xulgado está valorando se existe motivo para algunha actuación.

Intervén o sr. Francos quen di que determinadas preguntas formuladas xa foron respondidas.

Tratándose dos criterios técnicos explica que os criterios utilizados foron os de buscarlle unha lóxica, por exemplo nunha recta con visibilidade no ten sentido, sendo os mesmos criterios que se utilizaron o ano pasado. En canto aos días que estivo sen sinalizar o sr. Francos sinala que o primeiro día seguro e o segundo pode ser que quedara algún sen pintar. Explica que a sinalización vertical definitiva si que se retrasou un par de semanas, porque ao parecer a empresa tivo un problema na subministración. Refírese así mesmo o sr. Francos ao importe da obra.

Tratándose das cuestións formuladas polo sr. Fernández, o sr. Francos di estar de acordo co tema da sinalización, engadindo que hai que estar enriba deles porén cando non avisan da execución é complicado. Explica que o que quedou mal executado foi o último metro, porén xa está corrixido.

Aberta unha segunda quenda de intervencións, o sr. Sánchez di que lle parece eficaz que se procure desviar o debate a “lombas si ou lombas non”, porén o problema é como se fixo, e resulta evidente que non se fixo como se debería, dando a sensación que non se tomou en serio o da seguridade vial. Explica o sr. Sánchez que se dirixen ao sr. Francos porque nas preguntas formuladas personificouse no concelleiro correspondente. Di o sr. Sánchez que lle da a sensación de que se colocan trinta e oito como quen coloca unha e non se tomou suficientemente en serio. Salienta o sr. Sánchez que a sra. Lemus fala de máxima coordinación, porén o sr. alcalde di que en ningún momento existiu contacto entre urbanismo e os servizos básicos para a execución desta obra. O sr. Sánchez opina que é evidente que non se dou a cara, e

non e o da denuncia, e que era un tema candente e todo o mundo falaba del polo que se precisaba de respostas, o que evidencia a importancia relativa que se lle dou á seguridade viaria. Opina o sr. Sánchez que queda a dúbida de si se cumpriu a normativa vixente, e polo menos durante dúas semanas se puxo en perigo a seguridade viaria.

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas quendas de intervención.

O sr. alcalde dille ao sr. Sánchez que lle parece perfecto que poña en dúbida a existencia de normativa aplicable, engadindo que se existira debería aparecer, tratándose de algo obxectivo. Salienta que independentemente de que o sr. Francos recoñecese as dificultades que existiron coa empresa, porén a falta de indicación da velocidade a 50 cando xa existía unha sinalización que limitaba a esa velocidade, non é un problema de seguridade viaria senón un problema de que a xente excede os límites de velocidade.

Aclara o sr. Francos que a colaboración entre urbanismo e servizos básicos funciona perfectamente. Sinala que si o que o PP pregunta é se a concelleira de urbanismo revisa o dos servizos básicos a resposta é que non. Ante a pregunta de si se puxo en serio perigo a seguridade viaria, a resposta é que se existe unha sinal de stop, se fai, aínda que non exista unha sinalización vertical, porén o problema é que a xente non respecta a velocidade.

4.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MIXTO RELATIVA AO SECTOR ELÉCTRICO.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do grupo mixto, D. Manuel A. Fernández Baz.

O sr. Fernández da conta da moción do seu grupo de 9 de novembro de 2018 (rex. entrada nº 8389, de 09/11/18), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, participación veciñal e mocidade de 22 de novembro de 2018, que se recolle a continuación.

“MANUEL ANXO FERNÁNDEZ BAZ, concelleiro do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno, relativa ao sector eléctrico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposíbel de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo de Galiza.

Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posto que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como “beneficios chovidos do ceo”, especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear. Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español (Iberdrola, Endesa e a actual Naturgy) obtiveron uns beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.

Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostos que se solapan, atópase no tramo mais elevado do IVE, no 21%, sendo un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado.

Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementou nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o tícket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.

Non é de recibo que por riba de non beneficiármonos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recollía como posibilidade en obrigatorio para o 2013. Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo deulles a razón en distintas sentenzas. Como resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostos nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegos imos recibir o tarifazo máis grande do Estado.

Desde o BNG defendemos que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posíbel avanzar progresivamente para

estabelecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e por xustiza social.

Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que deben sernos compensarnos.

Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e, asemade, contribuiría a asentar o tecido industrial e económico do país, frear a deslocalización e evitar a nosa desindustrialización.

Por iso, o BNG, solicita do Pleno da corporación municipal de Teo a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central:

-A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.

-Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.

-Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, salienta que o da tarifa eléctrica é un tema que preocupa moito a todos. Salienta que dende o concello se están facendo esforzos para explicar á xente os conceptos das factura eléctrica, habida conta da complexidade da mesma, e así dende o servizo de asesoramento eléctrico se teñen tramitado cento e pico bonos sociais.

Recoñece que, tratándose dos criterios para determinar o custo do consumo eléctrico, segue sen entendelo, engadindo que non sabe moi ben cal será a solución, aínda que é verdade que un elemento é o IVE, que é máis elevado que noutros países. Anuncia a sra. Lemus a abstención do seu grupo, non porque non poidan entender a necesidade de darlle unha volta senón porque a solución pasa por un cambio absoluto do sistema actual.

O portavoz do PP, sr. Sánchez, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez di que dende o seu grupo se preguntan porque se plantexa instar á Xunta e non ao Estado, se tan so o goberno estatal ten competencias ao efecto. Sinala que tratándose dos complementos territoriais, a Xunta xa o ten pedido e salienta que, tratándose da tarifa eléctrica específica para Galicia, os expertos din que non sería conveniente. Considera que se trata máis dun problema estatal e que nese senso a moción debe instar ao Estado. Opina a sra. Vázquez que posiblemente haxa que facer cousas, porén a Xunta xa as está facendo. Anuncia a sra. Vázquez o voto en contra do seu grupo.

O sr. alcalde explica que o valor da moción está en instar a que os gobernos teñan unha acción decidida en defensa da xente. Considera que a situación está bloqueada de forma que so se pode ser autosuficiente desconectándose da rede existente. Considera que a situación actual está destinada a favorecer ás eléctricas e non ás persoas.

O sr. Fernández sinala que considera a enerxía como un servizo básico e partindo desa consideración hai que cambiar completamente o enfoque. Opina que o bono social está moi ben, porén acábase caendo na beneficencia e acábase pagando doutra forma.

Tratándose da reclamación á Xunta salienta que considera que se invaden competencias da Comunidade Autónoma polo que dende Galicia se ten que intervir.

Considera o sr. Fernández que pese a que a Xunta ten medios, resulta que Galicia vai a ter a factura eléctrica máis cara de todo o Estado español, pese a ser un estado produtor de enerxía, como consecuencia dos suplementos territoriais. Opina o sr. Fernández que se a Xunta adoptou medidas, e anunciou máis medidas, porén non se fixo nada substancial que dese resultado.

Explica o sr. Fernández que cando se fala do IVE si que é verdade que hai países co IVE máis alto, porén non so na enerxía, senón en todo, existindo tamén países, como Francia, que o teñen máis baixo. Remata o sr. Fernández sinalando que Galicia é un país produtor de enerxía e a que máis enerxía produce, polo tanto se penaliza polos custos sociais e medioambientais.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e a concelleira do PP, sra. Vázquez, non fan uso das súas quendas de intervención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 1 grupo mixto), catro en contra (4 PP) e dúas abstencións (2 PSdeG-PSOE), acorda instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central:

-A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.

-Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as

competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.

-Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE A REIVINDICACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE E A NECESIDADE DE MEIRANDES RECURSOS NO ÁMBITO LOCAL E XUDICIAL PARA LOITAR CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do grupo mixto, D. Manuel A. Fernández Baz.

O sr. Fernández da conta da moción do seu grupo de 9 de novembro de 2018 (rex. entrada nº 8390, de 09/11/18), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, participación veciñal e mocidade de 22 de novembro de 2018, que se recolle a continuación.

“MANUEL ANXO FERNÁNDEZ BAZ, concelleiro do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno, sobre a reivindicación do 25 de novembro e a necesidade de meirandes recursos no ámbito local e xudicial para loitar contra a violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2018 ten sido un ano importante para o feminismo, que foi quen de mobilizar cun éxito histórico unha folga nos ámbitos laborais, de consumo e de coidados o pasado 8 de marzo. Sen

dúbida algunha, unha data chamada a marcar un antes e un despois na nosa historia, xa que a sociedade esixiu que todos e todas pisemos o acelerador.

A vixencia da desigualdade, que ten a súa evidencia máis salvaxe nas violencias machistas contra as mulleres, debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin e situar o seu combate como un mandato de primeira orde os 365 días do ano. Só no que vai de 2018 foron asasinadas no noso país tres mulleres, unha situación insostíbel para calquera sociedade que se considere democrática, pois estamos a falar do máis elemental dos dereitos humanos, o dereito á vida, furtado pola violencia máis extrema do patriarcado.

Cada 25 de novembro debemos saír ás rúas para denunciar a vixencia da violencia e facer un recoñecemento do traballo de mobilización e visibilización das organizacións feministas do seu país, sen ese traballo moitas demandas non chegarían a unha parte importante das institucións e da sociedade para facernos avanzar.

Así mesmo, neste contexto debemos examinar aqueles ámbitos máis débiles que requiren da nosa actuación inmediata. Durante este 2018 evidenciáronse as moitas carencias que ten aínda unha xustiza tremendamente patriarcal. Casos como o da Manada desataron a nosa rabia e a contestación social, non só con importantes manifestacións no noso país, tamén coa repulsa de concellos e institucións de diversas cores políticas. Porén, a rabia non pode ficar nunha cuestión declarativa. Debemos pensar colectivamente nas melloras que precisa un ámbito tan elemental como o da xustiza.

Aínda sendo fundamental o papel que tiveron a lei estatal de violencia do 2004 e a galega do 2007, a ninguén se lle escapa que quedan moitas lagoas no seu cumprimento e desenvolvemento. Un dos ámbitos máis delicados é o xudicial. Se ben este marco, o nacemento no ano 2005 de xulgados especializados e outros pasos teñen sido moi importantes na vida de moitas mulleres, tamén é certo que debemos atallar as súas deficiencias con maior dilixencia. É clave un desenvolvemento pleno e máis xusto do marco legal, para que este non se queden nunha mera declaración formal e se proceda a súa aplicación material. Nese sentido a creación dunha unidade específica de Violencia Machista no ámbito da Dirección xeral de xustiza encargada de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero facilitaría unha maior fiscalización, seguimento e mellora. Vistos os casos que nos teñen escandalizado neste 2018 é obvio que cuestións tan

elementais como a formación dos operadores xurídicos ou a habilitación de espazos seguros e íntimos para as vítimas son aínda incumpridos dunha forma que non é tolerábel.

Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres é unha tarefa complexa que require de todo o noso compromiso, tanto como institución municipal como á hora de sermos esixentes coas demais administracións implicadas.

Cada ano máis 5000 mulleres acudan aos xulgados galegos a poñer denuncias, e isto é só a punta do iceberg. Estímase que só un 20% dos casos chega aos xulgados, polo que sería unha irresponsabilidade deitar exclusivamente neste ámbito as actuacións. Por iso, un dos aspectos máis importantes é avanzar na sensibilización social. Neste aspecto os concellos temos un papel clave, non exclusivo pero importantísimo, á hora de comunicar coa veciñanza.

Recentemente o goberno central publicaba no [BOE](#) do 3 de agosto o Real Decreto-lei 9/2018 de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Neste incluía a recuperación dos concellos de competencias na materia, pasando a engadirse no seu haber a “Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.”. Desde o BNG preocupámonos que esta tan anunciada e publicitada competencia non veña acompañada dun financiamento suficiente nin duns criterios de reparto adaptados á realidade do noso país.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno de Teo a adopción do seguinte:

ACORDO

- *Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo de 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas.*

- *Expresar a nosa vontade de sumar desde a administración local a prol da erradicación da violencia machista, para o que se solicita da Xunta de Galiza que demande do goberno central o incremento substancial das contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país*

- *Demandar da Xunta de Galiza a creación dunha Unidade de Violencia Machista específica integrada na Dirección Xeral de Xustiza encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista. Dita unidade contará, como mínimo, cos seguintes obxectivos a desenvolver:*

a) Impulsar xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades e avanzar nunha comarcalización dos xulgados acorde coa realidade do noso país e que garanta a igualdade do dereito de atención independentemente do lugar de residencia. Promover o tratamento dos delitos sexuais neste tipo de xulgados especializados.

b) Promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como unha forma de violencia machista, conforme recolle a lei galega, prestando atención ás súas especificidades.

c) Garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñ no proceso xudicial, incluídos equipos forenses e psicosociais.

d) Evitar a violencia institucional, por exemplo, gravando as declaracións das mulleres para que non teñan que repetila, unha e outra vez, ao longo de todo o proceso de denuncia.

e) Garantir os espazos separados de declaración e agarda para evitar o contacto de vítimas e agresores así como dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima.

f) Incluír nas avaliacións de risco avaliación do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como das e dos menores.

g) Dotar os servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender as denuncias de violencia machista”.

Salienta o sr. Fernández que o 25 de novembro se fixo dende o concello unha declaración institucional e que a moción vai nesa liña.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que se ben o 25 de novembro é un día no que o tema se fai máis visible, debe ser todo o ano. Refírese a sra. Vázquez ás grabacións das declaracións e sinala que cree que existe un proxecto en marcha da Xunta de Galicia. Sinala que tamén existen outras cousas coma os espazos separados, esperando que se avance e se concreten máis.

O sr. Iglesias anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que como dixo o sr. Fernández o manifesto da Corporación vai nesa liña e se seguirá apoiando a mobilización e todas as actuacións que promovan os colectivos feministas e nos que se lles reclame.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 4 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

- **Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo de 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas.**
- **Expresar a nosa vontade de sumar desde a administración local a prol da erradicación da violencia machista, para o que se solicita da Xunta de Galiza que demande do goberno central o incremento substancial das contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país**
- **Demandar da Xunta de Galiza a creación dunha Unidade de Violencia Machista específica integrada na Dirección Xeral de Xustiza encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista. Dita unidade contará, como mínimo, cos seguintes obxectivos a desenvolver:**



- a) **Impulsar xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades e avanzar nunha comarcalización dos xulgados acorde coa realidade do noso país e que garanta a igualdade do dereito de atención independentemente do lugar de residencia. Promover o tratamento dos delitos sexuais neste tipo de xulgados especializados.**
- b) **Promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como unha forma de violencia machista, conforme recolle a lei galega, prestando atención ás súas especificidades.**
- c) **Garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervén no proceso xudicial, incluídos equipos forenses e psicosociais.**
- d) **Evitar a violencia institucional, por exemplo, gravando as declaracións das mulleres para que non teñan que repetila, unha e outra vez, ao longo de todo o proceso de denuncia.**
- e) **Garantir os espazos separados de declaración e agarda para evitar o contacto de vítimas e agresores así como dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima.**
- f) **Incluír nas avaliacións de risco avaliación do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como das e dos menores.**
- g) **Dotar os servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender as denuncias de violencia machista.**

6.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto sétimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Di o sr. Fernández que non sabe que pasa na zona da Cascalleira co abastecemento de auga, porque existen perdas moi recorrentes.

O sr. Francos explica que existiron avarías, porén moitas son de traídas particulares, que xa foron avisados.

2.- Interésase o sr. Fernández polo colector de Espasande.

O sr. alcalde explica que houbo que modificar o proxecto, que se sometera a Pleno, ao atoparse unha parede de pedra que da servizo a un muíño. A modificación supuña pasar a condución por debaixo do río, onde hai presas, e fixo falta o informe de augas.

Intervén a sra. Lemus quen di que é de ben nacido ser agradecidos. Explica que como en Augas de Galicia levaban co tema dende setembro, fai unha semana chamou a Ovidio Rodeiro, e falou co xefe de gabinete e hoxe chegou a autorización. Manifesta a sra. Lemus o seu agradecemento.

3.- Interésase o sr. Fernández pola rúa Lameiriñas e o alumeado. Explica que falou con Xurxo, e a altura do número 49 está fundido porque nunca funcionou. Solicita o sr. Fernández que se mire que ocorre.

O sr. Francos sinala que se mirará, engadindo que é a primeira noticia que ten e que pode ser unha cousa como a de Campos de Mirabel, no que nin sequera se pasou pola condución.

4.- O sr. Fernández di que cree que hoxe se reanudou a obra de Folgueiras e pregunta porque se parou.

O sr. Moñino resposta que por unha mala organización da empresa.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Sánchez refírese ás farolas recentemente colocadas e pregunta cal é o número final das que se retiraron.

A sra. Lemus di que non o sabe porque na execución do proxecto houbo moitos cambios, engadindo que os datos concretos se terán coa liquidación.

O sr. Sánchez pregunta cal é o destino desas farolas.

A sra. Lemus resposta que segue sendo conforme ao proxecto, o mesmo que o mes pasado.

2.- A sra. Vázquez formula un rogo e di que na estrada que vai de Xermeade a Oliveira a choiva provocou un desastre. Sinala que se xa o asfaltado estaba mal, agora está peor e existen socabóns importantes.

O sr. Francos sinala que o ten axendado, que o firme é o que é e cando chove acábase levantando o asfalto, engadindo que o único que funciona é o aglomerado en frío.

3.- A sra. Vázquez di que na estrada que vai de Lampai á Carcacia quedou un tramo sen asfaltar.

O sr. Francos di que se mirará.

4.- A sra. Vázquez di que na estrada de Feros moita xente aproveita para dar a volta alí.

O sr. Francos di que se pode, porén pasa o mesmo na Ribeira, o problema non é que se de a volta, senón que non hai visibilidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz